



CONCELLO DE SANTIAGO

ANTECEDENTES

Único.- O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa sesión do 12 de marzo de 2020 unha serie de medidas especiais de prevención nos ámbitos da educación, o deporte, as actividades de ocio e as residencias de maiores en relación coa epidemia do virus “COVID- 19”.

Diante desta situación, devén imprescindible que o Concello de Santiago de Compostela adopte as medidas necesarias no eido das súas competencias para evitar a expansión da enfermidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispon no seu art. 25 que os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, podern promover os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños.

Doutro lado, no seu art. 26 a LBRL imponse aos concellos a prestación dunha serie de servizos obrigatorios e a lexislación sectorial en materia de cultura, deporte e tempo libre tamén lle atribúe competencias aos concellos galegos neses eidos.

2º.- O art. 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade atribúelle aos concellos, sen prexuízo das competencias das demais Administracións Públicas, as responsabilidades, en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios, en materia de control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente, entre outros, nas áreas de actividade físico deportivas e de recreo.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, engade ás previsións da lexislación estatal a atribución das seguintes competencias aos concellos:

- O control sanitario das actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía.
- A realización de actividades complementarias das que sexan propias doutras Administracións Públicas nas materias obxecto desa lei, nos termos establecidos na lexislación reguladora do réxime local.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Tomar coñecemento das medidas especiais de prevención acordadas polo Consello da Xunta de Galicia o 12 de marzo de 2020 nos ámbitos da educación, o deporte, as actividades de ocio e as residencias de maiores en relación coa epidemia do virus “COVID- 19”.

Segundo.- De conformidade coas medidas acordadas polo Consello da Xunta de Galicia referidas no apartado anterior, acórdase:

- A suspensión con efectos inmediatos das actividades culturais (concertos, obras de teatro, etc) previstas en locais municipais ou promovidas polo Concello de ou o organismo autónomo Auditorio de Galicia.
- A suspensión con efectos inmediatos das actividades deportivas a desenvolver nas instalacións deportivas de titularidade municipal ou promovidas polo Concello.
- A suspensión con efectos inmediatos de todas as actividades organizadas pola Área de Igualdade.
- A suspensión, a partires do venres 13 de marzo de 2020, das actividades organizadas polo Concello nos centros socioculturais, na Escola Municipal de Música e nos restantes equipamentos municipais.
- O peche, a partires do luns 16 de marzo de 2020, das escolas infantís xestionadas polo concello (Conxo, Fontiñas e Meixonfrío- Salgueiriños).
- Limitar a un máximo de 30 persoas os asistentes ás cerimonias matrimoniais que vaian ter lugar no Pazo de Raxoi, incluíndo aos contraentes, testemuñas, convidados e persoal municipal imprescindible para o desenvolvemento do acto.